

ORDENANZA FISCAL NÚM.8

TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Artigo 1. Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución** e polo **artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril**, reguladora das **bases de réxime local** e de conformidade co que se dispón nos **artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro**, reguladora da **facendas locais**, este concello establece a taxa por expedición de documentos administrativos que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao que se prevé no **artigo 58** da citada **Lei 39/1988**.

Artigo 2. Feito Impoñible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.
2. Para estes efectos entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este concello.

Artigo 3. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o **artigo 33 da Lei xeral tributaria** que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os **artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria**.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o **artigo 40 da Lei xeral tributaria**.

Artigo 5. Exencións Subxectivas.

Gozarán de exención aqueles contribuíntes en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Ter sido declarados pobres por precepto legal.
2. Estar inscritos no Padrón da Beneficencia como pobres de solemnidade.
3. Obter o beneficio xudicial de pobreza, respecto aos expedientes que deben xurdir efecto, precisamente, no procedemento xudicial no que fosen declarados pobres.
4. As persoas cuxos ingresos familiares sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Artigo 6. Cota Tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, segundo a tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A tramitación de novas Licenzas por caducidade dunha anterior, devengará unha nova taxa. Todas as licenzas que se concedan levarán un prazo para a execución das obras ou instalacións, proposto polo técnico autor do proxecto na súa propia documentación técnica. En materia de Licenzas urbanísticas, estarase ao disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia; e no Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución.

4. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50% cando os interesados solicitasen, con carácter de urxencia, a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 7. Tarifa.

1. Artigo 7. Tarifa.

A tarifa a que a refire o artigo anterior estruturarase nos seguintes epígrafes:

Epígrafe 1. Solicitudes de documentos ou datos.

1. Expedición de Licenzas Urbanísticas:

- a) Obras menores: 50,00 €*
- b) Obras maiores: 150,00 €*
- c) Segregación e agregación de parcelas: 50,00 €*
- d) Certificación urbanística de un ben: 100,00 €*
- e) Prórroga de Licenza de obra: 75,00 €*

A tramitación da licenza para obra menor quedará supeditada ao pago efectivo anterior á liquidación provisional do ICIO.

Epígrafe 2. Expedientes Administrativos.

1. Tramitación de expedientes de declaración en situación legal de fóra da ordenación:

- a) Obras menores = **50 €+ 2%** sobre presuposto obra (considerando para a súa confección do prezo de 100 €/m²).
- b) Obras maiores:
 - a) Uso residencial = **150 €+ 2%** sobre presuposto obra (considerando o prezo de 600€/m² segundo o presuposto confeccionado polo técnico municipal).

b) Uso non residencial = **150 €+ 2%** sobre presuposto obra (considerando o prezo de 150€/m² segundo o presuposto confeccionado polo técnico municipal).

2. Tramitación de expedientes de legalización de obras:

c) Obras menores = **50 € +2%** s/presuposto obra.

d) Obras maiores = **150 € +2%** s/ presuposto obra.

3. Realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación de obras menores establecidas no ámbito de aplicación da ordenanza núm. 46, reguladora do procedemento de declaración responsable para a realización de obras menores. **50,00€**

Nos supostos nos que se efectúe a consulta previa regulada no **artigo 6** da citada ordenanza, pola expedición do seu resultado, cobrarase unha taxa adicional de **10 €**.

Epígrafe 3. Concesións de licenzas.

1. Licenzas de autorizacións a vehículos para exercer o servizo público de viaxeiros no municipio.....**331,00€**

Epígrafe 4:

1. Expedición copias atestados policía local..... **60,00€**

Artigo 8. Bonificacións da Cota.

Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias na tarifa desta taxa.

Artigo 9. Devengo.

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a tributo.
2. Nos casos a que se refire o **número 2 do artigo 2**, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que prevexan a actuación municipal de oficio ou cando este se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10. Declaración de Ingreso.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do carimbo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente ou nestes se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fose expresa.
2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o **artigo 66 da Lei de procedemento administrativo**, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non se lle poderá dar curso, sen que se subsane a deficiencia, para cuxo fin se requirirá ao interesado para que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, unha vez transcorrido o prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. As certificacións e descontos que expida a Administración municipal en virtude de oficio de xulgados e tribunais para toda clase de preitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfixese a correspondente cota tributaria.

Artigo 11. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso estarase ao que se dispón nos **artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria**.

Disposición Derradeira.

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día 31/07/2017, entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP de Lugo, e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.